

CEIP Escultor Acuña
2020/2021

PLAN DE ACOLLIDA



ÍNDICE DO PROGRAMA

<u>INTRODUCCIÓN, OBJETO E TEMPORALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACOLLIDA</u>	3
<u>PLAN DE ACTIVIDADES DE ACOLLIDA</u>	4
<u>TEMPORALIZACIÓN DO PLAN DE ACOLLIDA</u>	9
<u>RUTINAS ESCOLARES DE ENTRADAS, SAÍDAS E HIXIENE</u>	15

1. INTRODUCCIÓN, OBXECTO E TEMPORALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACOLLIDA

Este documento prescriptivo, segundo se regula nas *Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato*, ten por obxecto planificar a acollida xeral do noso alumnado neste inicio do curso 2020-2021 tras a suspensión do ensino presencial no terceiro trimestre do pasado curso lectivo 2019-2020 para afrontar os retos derivados da pandemia producida pola COVID19.

Recollidos no apartado 2, punto 1, o seu **obxectivo** básico deste documento é o deseño de actividades globalizadas referente aos seguintes aspectos:

Difusión das novas normas de organización e funcionamento do centro

Actuacións de prevención, hixiene e protección

Accións formativas para desenvolver a competencia dixital

Actividades de acollida e cohesión

Temporalización:

Segundo se recolle no artigo segundo, apartado 1 das citadas Instrucións, este programa se desenvolverá ao longo das dúas primeiras semanas do curso, entre o 14 e o 25 de setembro de 2020

Anotación Importante:

Este Programa, na súa versión 2, está suxeito a posibles modificacións tras a súa implementación e avaliación diaria.

2. PLAN DE ACTIVIDADES DE ACOLLIDA

PLAN DE ACTIVIDADES DE ACOLLIDA



1. Difusión das novas normas de organización e funcionamento do centro

Neste primeiro bloque de medidas de acollida, recollemos as actividades que se desenvolverán para dar a coñecer as novas normas de organización e funcionamento do centro referidas aos seguintes apartados:



- 1) Actividades de reflexión da entrada e saída ao centro co alumnado no inicio das sesión lectivas (assembleas de aula)
- 2) Gravación e análise de vídeos educativos para analizar as condutas correctas e incorrectas nestes aspectos.
- 3) Elaboración de carteis e murais cos novos horarios e normas
- 4) Elaboración de textos sobre as rutinas diarias, do sentir da nova situación, etc.
- 5) Exposición en modo presentación das novas normas de relación.

2. Actuacións de prevención, hixiene e protección

Neste segundo bloque de medidas de acollida, recollemos as actividades que se desenvolverán para levar a cabo as distintas actuacións preventivas de hixiene e protección de carácter individual e colectivo:



- 1) Elaboración e presentación dos horarios das rutinas de lavado e asepsia de mans.
- 2) Decoración de espazos con normas de distancia social
- 3) Creación de equipos de xestión de rutinas de aula
- 4) Actividades de utilización correcta do xabón, xel e papel nas aulas e nos baños
- 5) Utilización correcta das papeleiras COVID

3. Accións formativas para desenvolver a competencia dixital

Neste terceiro bloque de medidas de acollida, recollemos as actividades que se desenvolverán para promover as competencias básicas do alumnado no ámbito dixital.



- 1) Elaboración dun horario na Aula TAC para acceder á Aula Virtual (AV)
- 2) Presentación de tarefas na Aula Virtual: tarefas extraescolares
- 3) Presentación do novo dominio para comunicación co equipo docente
- 4) Realización de videoconferencias entre grupos do mesmo nivel

4. Actividades de acollida e cohesión

Neste cuarto bloque de medidas de acollida, recollemos as actividades que se desenvolverán para acoller ao noso alumnado con seguridade, confianza e promover hábitos de cohesión grupal:



- 1) Actividades con xogos de autoestima, autoconfianza
- 2) Sociogramas de distinta tipoloxía planificada polo Departamento de Orientación
- 3) Implementación dunha Unidade Didáctica Cero dedicada á xestión das relación sociais, á confianza intrapersonal e a relación interpersonal planificada e supervisada dende o Departamento de Orientación:
 - EXPRESIÓN E REGULACIÓN EMOCIONAL

3. TEMPORALIZACIÓN DO PLAN DE ACOLLIDA

TEMPORALIZACIÓN



EDUCACIÓN INFANTIL E 1º/2º DE PRIMARIA

	NOVAS NORMAS	PREVENCIÓN	COMPETENCIA DIXITAL (1º/2º)	ACOLLIDA UD: Expresión e regulación emocional
LUNS 14	Asemblea	2 Lavados de mans 3 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Xestión de equipos Contidos na rede	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
MARTES 15	Asemblea	2 Lavados de mans 3 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Xestión de equipos Contidos na rede	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
MÉRCORES 16	Asemblea	2 Lavados de mans 3 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Xestión de equipos Contidos na rede	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
XOVES 17	Asemblea	2 Lavados de mans 3 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Xestión de equipos Contidos na rede	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
VENRES 18	Asemblea	2 Lavados de mans 3 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Xestión de equipos Contidos na rede	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
LUNS 21	Asemblea	2 Lavados de mans 3 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Xestión de equipos Contidos na rede	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
MARTES 22	Asemblea	2 Lavados de mans 3 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Xestión de equipos Contidos na rede	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
MÉRCORES 23	Asemblea	2 Lavados de mans 3 aplicacións de xel	Xestión de equipos Contidos na rede	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas

		Ventilación de aulas		
XOVES 24	Asemblea	2 Lavados de mans 3 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Xestión de equipos Contidos na rede	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
VENRES 25	Asemblea	2 Lavados de mans 3 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Xestión de equipos Contidos na rede	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas

EDUCACIÓN PRIMARIA 3º/4º DE PRIMARIA

	NOVAS NORMAS	PREVENCIÓN	COMPETENCIA DIXITAL	ACOLLIDA UD: Expresión e regulación emocional
LUNS 14	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Xestión de equipos Navegación na rede Tarefas na AV	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
MARTES 15	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Xestión de equipos Navegación na rede Tarefas na AV	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
MÉRCORES 16	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Navegación na rede Tarefas na AV	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
XOVES 17	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Navegación na rede Tarefas na AV	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas

VENRES 18	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Navegación na rede Tarefas na AV	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
LUNS 21	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Navegación na rede Tarefas na AV	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
MARTES 22	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Navegación na rede Tarefas na AV	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
MÉRCORES 23	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Navegación na rede Tarefas na AV	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
XOVES 24	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Navegación na rede Tarefas na AV	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
VENRES 25	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Navegación na rede Tarefas na AV	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas

EDUCACIÓN PRIMARIA 5º-6º

	NOVAS NORMAS	PREVENCIÓN	COMPETENCIA DIXITAL	ACOLLIDA UD: Expresión e regulación emocional
LUNS 14	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Contidos na rede Traballos na AV	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
MARTES 15	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Contidos na rede Traballos na AV	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
MÉRCORES 16	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Contidos na rede Traballos na AV	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
XOVES 17	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Contidos na rede Traballos na AV	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
VENRES 18	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Contidos na rede Traballos na AV	Xogos colectivos de roles e tarefas plásticas
LUNS 21	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Contidos na rede Traballos na AV	Xogos de rol Debates sociais
MARTES 22	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Contidos na rede Traballos na AV	Xogos de rol Debates sociais

MÉRCORES 23	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Contidos na rede Traballos na AV	Xogos de rol Debates sociais
XOVES 24	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Contidos na rede Traballos na AV	Xogos de rol Debates sociais
VENRES 25	Asemblea	1 Lavados de mans 4 aplicacións de xel Ventilación de aulas	Contidos na rede Traballos na AV	Xogos de rol Debates sociais

4. RUTINAS ESCOLARES

RUTINAS ESCOLARES



RUTINAS ESCOLARES DIARIAS DE PREVENCIÓN SANITARIA.

V5 (24/09)

EDUCACIÓN INFANTIL

8:50: apertura de portas. Entrada ao recinto

O alumnado baixa pola rampla e fai filas no patio cuberto de pequenos coas titoras. Comparten a rampla co alumnado de transporte. O alumnado de EI entrará preferentemente entre 9h00 e 9h05. Ás 9h05 péchase a verxa do patio grande e a rampla. Ás 9:10 péchase a porta principal de entrada.

9.00-9.15: entrada escalonada no edificio

Para entrar agardan polo sinal do profesorado que está dando acceso. Entran pola porta da gaivota despois do alumnado de primeiro e en orde de maior a menor, coa excepción do alumnado de 4º de EI que fará uso da porta principal tanto para entrar como para saír.

Ao chegar deixan nos percheiros os seus abrigos e a mochila coa auga colgada na cadeira. Primeira desinfección (hidroxel) a cargo da persoa que realiza a sesión 1. Dentro da aula empregan os aseos dun en un e baixo supervisión da profesora.

9.15-9.55: sesión1

9.55-10.35: sesión2

10.35-11.15: sesión3

Segunda desinfección (auga e xabón) e merenda (manteis desbotables)
Terceira desinfección (hidroxel)

11.15-11.45: recreo1

Para saír e entrar do recreo empregan a porta principal do edificio: El sempre a que está pegada á conserxería. Empregan os bambáns como unha zona máis de patio rotatorio, é dicir, unha semana cada clase. Fan patio por grupos estables: cada semana nun lugar dos seis marcados para os diferentes grupos. En calquera caso os grupos de EI teñen flexibilidade horaria para o emprego de patios sempre que se respecte o horario de 1º e 2º de primaria.

Se chovese os diferentes niveis fan quendas para saír ao patio cuberto nos días de chuvia: o primeiro día que chova sae 6º e 5º e 4º quedan na aula; no segundo día de chuvia sae 5º e no terceiro 4º e así sucesivamente. A vixilancia de recreo corre a cargo do profesorado de apoio tanto se non chove coma si o fai, en cuxo caso a coordinadora de ciclo establecerá as quendas para rotar quen queda a cargo de cada aula das que permanecen en clase.

Os aseos do recreo teñen de aforo 2 alumnos/as. O timbre do recreo tocará ás 11h40 para deixar 25 mn de patio e 5 mn de circulación.

11.45-12.15: hora de ler2

Ao subir cuarta desinfección (hidroxel) a cargo da persoa encargada da hora de ler

12.15- 12.55: sesión4

12.55-13.35: sesión5

O alumnado de EI debe empezar a recoller antes do remate da sesión 5

13.35-13.45: recollida e orde

Quinta desinfección despois de recoller e facer fila dentro da aula a cargo da titora (hidroxel)

13.45-14.00: saída escalonada do edificio

Os diferentes grupos comezan a baixar a escaleira ás 13h35 para entregarse de menor a maior dende ás 13h40 polo patio cuberto de pequenos en dúas filas simultáneas salvo o alumnado de 4º de EI que sairá pola porta principal. Os de 3 e 4 anos que van en transporte agardan coas persoas do grupo de apoio de EI no vestíbulo de entrada ata que cheguen as monitoras de autobús de cada semana. As familias que veñen recoller entran polas escaleiras e saen pola rampla, salvo as cadeiras de paseo que entran e saen pola rampla. O alumnado cuxas familias chegue tarde á recollida agardará coas titoras no cuberto ou en psicomotricidade se chovese a que se entreguen o resto dos grupos de EI.

1º E 2º PRIMARIA

8:50: apertura de portas. Entrada ao recinto

O alumnado baixa polas escaleiras e fai filas no patio cuberto de pequenos coas titoras. Ás 9h05 péchase a verxa do patio grande e a rampla. Ás 9:10 péchase a porta principal de entrada.

9.00-9.15: entrada escalonada no edificio

Para entrar agardan polo sinal do profesorado que está dando acceso. Entran pola porta marcada para cada curso despois do alumnado de terceiro e en orde de maior a menor. Circulan pola dereita e en fila de a un.

Ao chegar deixan nos percheiros os seus abrigos e a mochila coa auga colgada na cadeira. Primeira desinfección (hidroxel) a cargo do titor/titora. Empregarán os aseos do primeiro andar que están na súa ala, co sistema que permita respectar un aforo de máximo tres persoas se son de diferentes cursos. Haberá semáforos que marcarán o aforo.

9.15-9.55: sesión1

9.55-10.35: sesión2

10.35-11.15: sesión3

11.15-11.40: hora de ler1

Lectura e segunda desinfección(auga e xabón) a cargo da persoa que fai a hora de ler. Merenda e terceira desinfección (hidroxel). Ás 11h40mn toca o timbre para prepararse para o patio, tendo en conta que entre 11h40 e 11h45 circulamos respectando a saída de El.

11.45-12.15: recreo2

Para saír e entrar do recreo empregan a porta principal do edificio:1º e 2º sempre a que está pegada á secretaría. Non poden empregar os bambáns. Fan patio por grupos estables: cada semana nun lugar dos catro marcados para os diferentes grupos. Se chovese os niveis realizarán quendas para saír ao patio cuberto nos días de chuvia: o primeiro día que chova sae 1º (co profesorado de apoio) e 2º queda na aula coas titoras; no segundo día de chuvia faise o movemento alterno. Os aseos do recreo teñen aforo para 2 alumnos/as. O timbre do recreo tocará ás 12:10 para deixar 5 minutos de circulación antes da 4º sesión. Ao subir cuarta desinfección (hidroxel) a cargo da persoa encargada da cuarta sesión.

12.15- 13.00: sesión4

13.00-13.45: sesión5

13.45-13.50: recollida e orde

Quinta desinfección despois de recoller e facer fila dentro da aula a cargo da persoa titora (hidroxel)

13.50-14.00: saída escalonada do edificio

Os diferentes grupos comezan a baixar a escaleira ás 13h50 para entregarse de menor a maior despois de El polo patio cuberto de pequenos. Os que van en transporte agardan coas persoas do grupo de apoio no cuberto da porta principal de entrada. As familias que veñen recoller entran polas escaleiras e saen pola rampla. Se teñen fillos maiores collen primeiro aos pequenos e van despois ao cuberto de maiores.

3º E 4º PRIMARIA

8:50: apertura de portas. Entrada ao recinto

O alumnado entra so pola verxa do patio de maiores e fai fila no cuberto coas titoras. Ás 9h05 péchase a verxa do patio grande e a rampla. Ás 9:10 péchase a porta principal de entrada.

9.00-9.15: entrada escalonada no edificio

Para entrar agardan polo sinal do profesorado que está dando acceso. Entran polas portas traseiras do edificio segundo está marcado nestas. Circulan pola dereita e en fila de a un. Ao chegar deixan abrigos e a mochila coa auga colgada na cadeira. Primeira desinfección (hidroxel) a cargo do titor/titora.

Terceiro empregará os aseos do primeiro andar que están na súa ala, deixando un lavabo e un water para 3º A e outro para 3º B . 4º empregará os que están enriba destes co mesmo sistema. Haberá semáforos que marcarán o aforo

9.15-9.55: sesión1

9.55-10.35: sesión2

Segunda desinfección (hidroxel)

10.35-11.15: sesión3

11.15-11.45: recreo1

Antes de baixar ao patio terceira desinfección (baño). Para saír e entrar do patio empregan a escaleira circulando sempre pola dereita. Os aseos do recreo (vestiarios) teñen aforo 3 e regúlanse co sistema de semáforos. Fan patio por grupos estables: cada semana nun lugar dos cinco marcados para os diferentes grupos. Se chovese os niveis realizaranse quendas para saír ao patio cuberto nos días de chuvia: o primeiro día que chova sae 3º (co profesorado de apoio) e 4º queda na aula coas persoas titoras; no segundo día de chuvia faise o movemento alterno. A coordinadora de nivel encárgase de regular as quendas de días de chuvia. Ás 11h40 minutos toca o timbre para deixar 5 minutos de circulación entre estes grupos e os de 5º e 6º.

11.45-12.15: hora de ler2

Merendan na aula para o que fan a terceira desinfección. Cuarta desinfección(hidroxel) a cargo da persoa que fai a hora de ler. Lectura. O timbre do recreo tocará ás 12:10 para deixar 5 minutos de circulación antes da 4º sesión.

12.15- 13.00: sesión4

13.00-13.45: sesión5

13.45-13.55: recollida e orde

Quinta desinfección despois de recoller e facer fila dentro da aula a cargo da titora (hidroxel)

13.55-14.00: saída escalonada do edificio

Os diferentes grupos comezan a baixar a escaleira para entregarse de menor a maior dende ás 13h55 polo patio cuberto de maiores. Entréganse simultaneamente dúas filas do mesmo nivel, A e B empezando por terceiro. O alumnado cuxas familias chegue tarde á recollida agardará coas persoas titoras detrás do resto dos grupos e esperará a que se entreguen o resto antes de volvelos mostrar. Os que van en transporte agardan coas persoas do grupo de apoio no cuberto da porta principal de

entrada. As familias que veñen recoller entran pola verxa do patio de maiores, agás os que teñen fillos pequenos, que collen primeiro aos pequenos e van despois ao cuberto de maiores.

5º E 6º PRIMARIA

8:50: apertura de portas. Entrada ao recinto

O alumnado entra so pola verxa do patio de maiores e fai fila no cuberto coas titoras. Ás 9h05 péchase a verxa do patio grande e a rampla. Ás 9:10 péchase a porta principal de entrada.

9.00-9.15: entrada escalonada no edificio

Para entrar agardan polo sinal do profesorado que está dando acceso. Entran pola porta traseira indicada para cada curso en orde de maior a menor. Circulan pola dereita e en fila de a un.

Ao chegar deixan nos percheiros os seus abrigos e a mochila coa auga colgada na cadeira. Primeira desinfección (hidroxel) a cargo do titor/titora.

Empregarán os aseos grandes do segundo andar con sistema de semáforos que permitan aforo de 3 persoas.

9.15-9.55: sesión1

9.55-10.35: sesión2

Segunda desinfección (hidroxel)

10.35-11.15: sesión3

11.15-11.45: hora de ler 1

Merendan na aula para o que fan a terceira desinfección *Terceira* desinfección(hidroxel) a cargo da persoa que fai a hora de ler. Lectura. O timbre toca ás 11h40, para deixar 5 minutos de circulación, pero non baixarán ata que suba 3º e 4º.

11.45-12.15: recreo2

Fan patio por grupos estables: cada semana nun lugar dos catro marcados para os diferentes grupos. Se chovese os niveis realizarán quendas para saír ao patio cuberto nos días de chuvia: o primeiro día que chova sae 5º (co profesorado de apoio) e 6º queda na aula coas persoas titoras; no segundo día de chuvia faise o movemento alterno. A coordinadora de nivel encárgase de regular as quendas de días de chuvia. O timbre do recreo tocará ás 12:10 para deixar 5 minutos de circulación antes da 4º sesión. A medida que entran na aula do recreo cuarta desinfección (hidroxel)

12.15- 13.00: sesión4

12.55-13.35: sesión5

13.35-13.45: recollida e orde

Quinta desinfección despois de recoller e facer fila dentro da aula a cargo da titora (hidroxel)

14.00: saída escalonada do edificio

Os diferentes grupos comezan a baixar a escaleira ás 14h para entregarse no patio de maiores sempre que non chova e pola saída que conecta o patio cuberto co patio de maiores se chove. Entréganse simultaneamente dúas filas do mesmo nivel, A e B, empezando por 5º. O alumnado que marcha so faino despois de que o titor correspondente lle dea permiso. Os que van en transporte agardan coas persoas do grupo de apoio no cuberto da porta principal de entrada. As familias que veñen recoller entran pola verxa do patio de maiores, agás os que teñen fillos pequenos, que collen primeiro aos pequenos e van despois ao cuberto dos maiores.